

**ACTA DO TRIBUNAL PARA A SELECCION DE UN PEON DE BRIGADA PARA A PARTICIPACION NA PREVENCION E DEFENSA
CONTRA INCENDIOS FORESTAIS , PARA O CONCELLO DE PORTOMARIN.**



No Salon de Plenos do Concello de Portomarín, ás dez horas do día vinteseite de xullo de dous mil dazaséis, reúnense as persoas que de seguido se relacionan e que compoñen o tribunal que valorará o proceso selectivo para a provisión dun posto de **PEON DE BRIGADA PARA A PARTICIPACION NA PREVENCION E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS**, para o **CONCELLO DE PORTOMARIN**, de acordo coas bases aprobadas ao efecto por Resolución da Alcaldía.

Titulares:

Presidente: D^ª. Alicia de la Iglesia López

1º Vogal: D. Jose Antonio Varela Vázquez

2º Vogal: Dna. Margarita Viña Santos

3º Vogal: D. Manuel Piñeiro López

Secretario: D. José Luis Vázquez Méndez

A Sra. Presidente declara constituído o Tribunal e acto seguido procédese ao chamamento dos aspirantes admitidos, presentándose os que a continuación se relacionan:

D. Aitor Besteiro Gonzalez

D. José A. Bruzos Díaz

D. D. Jesus Angel Celeda Diaz

D^a Vanesa Diaz Gay

D. Alejandro López Garcia

Seguidamente, de conformidade co previsto nas bases, procederáse á selección por concurso –oposición. A valoración dos méritos non terá carácter eliminatorio e non se terá en conta para superar as probas da fase de oposición, realizándose con posterioridade ao remate da fase de oposición e soamente aos/as aspirantes que a superaron.

A fase de oposición consistirá nun cuestionario tipo test de 20 preguntas, con tres respostas alternativas, elaborado por esta Presidencia en colaboración co Distrito Forestal (xunto coa plantilla das respostas correctas) e custodiado por a mesma. Entégase o mesmo aos aspirantes, para a súa realización nun tempo máximo de 40 minutos, de conformidade co previsto nas bases.

Unha vez rematado, e correxidos os mesmos de conformidade cos criterios establecidos nas bases, outórganse as seguintes puntuacións:

- D. Aitor Besteiro Gonzalez : 12 puntos
- D. José A. Bruzos Diaz : 12.50 puntos
- D. D. Jesus Angel Celada Diaz : 10 puntos
- D^a Vanesa Diaz Gay: 13,50 puntos
- D. Alejandro López Garcia: 13.50

Polo tanto de conformidade co establecido nas para a superación do test un mínimo de 10 puntos, superan o mesmo os tres aspirantes presentados. Seguidamente procédese á valoración dos méritos, dos aspirantes. Unha vez realizada a fase de oposición e valorados os méritos dos que superaron a mesma, obtéñense as puntuacións que a continuación se detallan:

APELLIDOS E NOME	PROBA TIPO TEST	EXPERIENCIA LABORAL	FORMACIÓN ESPECÍFICA	CELGA	PROTECCIÓN CIVIL	TOTAL
Aitor Besteiro Gonzalez	12	0.90	0.40	0.50	--	13.80
José A. Bruzos Diaz	12.50	0.00	0.40	0.25	1	14.15
. Jesus Angel Celada Diaz	10.00	0.90	0.00	0.25	--	11,15
Vanesa Diaz Gay	13.50	0.00	0.00	1.00	--	14.50
Alejandro López Garcia	13.50	0.00	0.40	0.50	--	14.40

En virtude do anterior, o Tribunal por unanimidade **ACORDA**, propor ao Sr. Alcalde, a contratación, que estará condicionada pola superación da proba física e do recoñecemento médico, **D^a Vanesa Diaz Gay** .

E non sendo outro o obxecto desta reunión finaliza o presente acto, dipoñendo o Sr. Presidente que se redacte a presente acta que suscriben todos os membros do Tribunal sendo ás catorce horas do expresado día, do que eu Secretario, dou fe.

Fdo. Jose A. Varela Vázquez

Fdo. Manuel Piñeiro López

Fdo. Margarita Viza Santos

Fdo. Alicia de la Iglesia Lopez

Fdo. José L. Vázquez Méndez

